

**Unha novela cociñada a lume maino,
con gran riqueza léxica e fraseolóxica
(Lugo, 12-4-2013)**

1.

Cando, amigo Lema, por deferencia da nosa amizade me enviaches os primeiros folios da túa novela –e disto xa deberon pasar máis de dez anos- decateime de que, coma o gran fabulador de Mondoñedo, Cunqueiro, andabas no invento de crear ou, mellor dito, de **re-crear un mundo literario de teu**. Como se non che abundase con ser un perfecto coñecedor do que é como é do mundo (e do que foi tamén) da túa Costa da Morte, vas e poste a enfialo nun soporte literario que se plasmou nunha extensa e sorprendente estreia narrativa baixo o título de *Costa do Solpor*.

Lin aqueles folios co deveso engaiolante do meniño que se adentra por vieiros de insospeitadas aventuras. E, cando dubidabas, ben que me alegro de te **ter animado** a seguir no teu empeño, pois sabía que un investigador da túa competencia, de saberes múltiples, todos ben documentados, acabaría por darlle cabo a unha obra importante, como resultou esta **primeira novela túa**, que non quero que sexa a derradeira, como seica andas a pregoar por aí. E, se che daba azos, non era tanto polos meus coñecementos, senón polo que ás claras se deixaba ver na redacción daqueles primeiros capítulos.

Agora alédome de que, a pouco de saír do prelo, outros moito máis entendidos ca min a teñan saudado como unha novela de plasticidade e de forza impresionante (**Ramón Nicolás**, *La Voz de Galicia*, 9/02/2013) ou enxalzado, como fixo o crítico e escritor **Carlos Caneiro**, no mesmo xornal (o día 2/03/2013), apóndolle o cuño de “gran novela, extraordinaria”, para a seguir afirmar rotundo:

“Cando se publica en galego un romance coma este todos debemos alegrarnos. Todos os que formamos o humus cultural galego debemos sentirnos moi satisfeitos, por moitos motivos”.

Pero o máis importante vai ser, con independencia das gabanzas do presente, o **longo percorrido que lle agoiro** a esta novela –solermiño e pausado, iso si- entre os lectores máis esixentes.

2.

Costa do Solpor quedou finalista no Premio Xerais de Novela 2011. Agora, con bo criterio, Edicións Xerais de Galicia sacouna á luz (xaneiro de 2013) malia o risco de se defrontar **cun xénero non moi transitado** nas nosas letras e, sobre todo, nun volume de 663 páxinas. Beizón, pois, para o editor que puxou sen reparo por tal empresa.

Inspirándose no ronsel d’*A Illa do Tesouro* –nunha evidente homenaxe ao seu autor, o escocés Robert Louis Stevenson- Lema escribe unha **novela de aventuras de mar e terra** ambientada no século XVIII e contada ao xeito das vellas novelas por entregas do século XIX. Coa Guerra dos Sete Anos (entre Francia e Gran Bretaña, 1756 – 1763, vid. 1ª nota imprescindible, p. 639) como telón de fondo, reconstrúe a vida da Galicia de beiramar daquel tempo en 76 capítulos (máis un epílogo e unhas notas históricas) de extensión homoxénea –a

maior parte, oito páxinas-, seguindo o modelo dos **relatos por entregas** dos narradores decimonónicos.

(...)

É de salientar a habelencia con que o autor vai **ensarillando o real co imaxinario** sen que o lector apenas o perciba. Por poñer só un exemplo de contraste: fíxense na historia do Crego Sabio, correlato real do clérigo Juan Antonio Posse, que defendía, algún tempo despois, a colectivización das propiedades (cap. 56), e na do home que falaba coas pedras (cap. 43).

Coa insospeitada unión de xentes de diferentes clases e as armas da terra (este é o transparente título da parte XI) o narrador vainos levando engorde ao **desenlace final** no que dous amores (os de Chavián e Mariña), contados ao estilo da novela sentimental-amorosa ou mesmo bizantina, precipitan o desenlace co triunfo da xustiza sobor da inxustiza. O resto xa o deixo para os lectores.

3. **Cociñada a lume maino, sen o o lector de perda**

(...)

Costa do Solpor é unha novela **cociñada a lume maino**. Coa paciencia dun ourive o autor foi encaixando as distintas partes e personaxes ata lograr un fío argumental claro e preciso no que o lector endexamais se perde. Por outra banda non podía ser doutro xeito, se falamos do modelo da novela por entregas do século XIX, que se lían cando a revista ou o xornal chegaba á casa.

Para lograr este resultado de **conducir o lector sen que se perda**, Lema vaino guiando coa indicación do narrador correspondente a cada parte ou capítulo: ora é Jim (o grumete), ora é o Dr. Livesey. Con este simple recurso pode avanzar e retroceder no tempo sen o que fío argumental se resinta.

Se ao principio citei a Cunqueiro, fíxeno pensando no entramado imaxinario que, á par do espazo e dos personaxes reais, perfectamente documentados, aparece unha e outra vez na novela. Neste caso para conseguir a verosimilitude da que falaba máis arriba, Lema utiliza **unha serie de estratexias** tales como a do manuscrito encontrado, o xogo dos narradores complementarios, as notas históricas do remate e outra fórmula adoito empregada nas traducións ou nos estudos de investigación que el ben coñece: as notas a pé de páxina. Este recurso, que algúns poderían considerar excesivo, **reforza** a cada cando no transcorrer do relato o vínculo entre a realidade e a fantasía, e impide que o lector deixe de crer na historia que se lle está contando.

Se non fose porque estamos a falar dunha novela de aventuras, eu diría que o oficio de Lema **como investigador**, sen restarlle mérito ao seu probado talento narrativo, sobrevoa en cada páxina da narración. Os que compartimos con el moitas horas de traballo e investigación sabemos ben do que estamos a falar.

Quenqueira que se adentre na novela descubrirá que detrás das aventuras —é unha novela de aventuras— hai un inxente **traballo de investigación**, documentación e estudo. Sen pretender ser prolixo, porque —insisto— o lector tamén vai ter que facer o seu traballo, repararei tan só en catro aspectos do que acabo de dicir:

- I- **O escenario da novela**-. O espazo xeográfico no que se desenvolve a novela é a Costa da Morte na segunda metade do XVIII. O coñecemento deste espazo por parte do autor queda patente nas **documentadas e minuciosas descrições** –case fotográficas- de lugares, personaxes, modos de vida, costumes e tradicións.
- II- **As lendas e tradicións**-. Lema estudou as lendas da moura (ou dos mouros), a dos Mariño, a da Buserana, a meiguería e outras crenzas da época... En boa parte, relanzos destes estudos foron incluídos no corpo narrativo da novela e serán doados de descubrir polo lector. Coma outras moitas homenaxes, hai unha ben clara á **literatura de tradición oral** (e tamén á **culta**) da Costa da Morte. Por contrastar, reparen no cap. 47, “A *estoria* do Trabeiro”, e un escarnio de entroido que vai no cap. 5, páx. 406, referíndose a unha talla mal feita polo Santeiro de Borneiro.
- III- **A onomástica**-. Con independencia dos personaxes que retoma da *Illa do Tesouro* (Ben Gunn, Abraham Gray, John Silver, Trelawny...) aparecen outros que responden, total ou parcialmente, a personaxes reais que protagonizaron algún episodio importante da historia da Costa da Morte e, por extensión, de toda Galicia: o padre Sarmiento, o citado Jerónimo Hiosa ou o mítico Manfred Gnädinger, Man, o Alemán de Camelle, os fidalgos de Boallo, o escultor de Troitosende... Non obstante, o máis chamativo da onomástica da *Costa do Solpor* (hai que retrotraerse a *A Esmorga* de Blanco-Amor para establecer unha posible comparanza), é a escolla dunha **ampla nómina de nomes e alcuños** (ou chamados) de raíz popular: o Muiño Home, o Campón, o Tiopa, o Denociña, o Curricacho, o Colludo... Dous exemplos abundan para velo claro. Un na páx. 463: “En pouco tempo fixéronse familiares os nomes, apelidos e alcumes de case todos os integrantes do pequeno exército: o Liracho, os irmáns Tomé e Xián de Viseo, Catarina Vázquez, Mateo do Vilar, Berte da Xalleira, Cristiña dos Santos, Cheíño do Rei, Patricio do Outeiro, Herminda do Busto, Dominga de Canosa, Xenxa do Tarrallo, Andrea e Lois do Cuireiro, Locia de Frixe, Ádegas de Xansón, Cibrán da Rechicha, Xoana da Garula, Xoán de Lema, Toniño de Sendón, Pedro do Xesto”... E outro, na páx. 419, este de cariz degradante: “Á Pega, á Cadela Doente, á Mexamorniño, á Esperrechada, á Burra Peideira, á Conafurada, á Cagaporela, á Conaseca, á Martaraña... faltoulles tempo a esas pandorcas para nos iren acusar de bruxas e meigas ante o tribunal do Santo Oficio”. Reparen no uso do infinitivo conxugado (iren), trazo senlleiro do noso idioma, que poucas veces van encontrar empregado con tanta habelencia e precisión. Un **especialista en onomástica** coma Lema tivo que baleirar moitos documentos en arquivos e libros parroquiais para compilar tan extensa nómina. Incluso aparece reproducido literal unha partida de bautismo, a do Chavián, de nome de pía Flaviano (páx 249).
- IV- **O idioma**-. Penso que a nota **máis salientable** da novela é a lingua utilizada. Ata o de hoxe, poucas veces o lector de literatura escrita en galego se vai atopar **cun idioma tan rico e variado**. O Lema estudoso das palabras baleirou aquí todo o seu saber coa técnica e a precisión dun excelente cirurxián. A narrativa galega actual quedou demasiado encorsetada en clixés de escasa ou nula variedade léxica. Ben poucos son os autores –que eu saiba, **Bieito Iglesias** e poucos máis- que se atreven a poñer nas páxinas dos seus escritos **variantes e expresións do galego vivo da súa zona**. Nin moito menos ousar empregar calquera marca de tipo dialectal. Lema atreveuse e conseguiu un resultado sobresaliente. O narrador utiliza o galego estándar, pero o lector hase sorprenden cando escoite falar (parcialmente) os personaxes da Costa da Morte no seu dialecto. E así observará que señores e plebeos din *mañán, están, mui, nuite, estivero, escuitouse, escuitá, sinalén, están, vendénoa, incleses*...

A riqueza do **vocabulario específico marítimo** (partes do barco, relevo e accidentes do mar e da beiramar, lances da navegación, etc.) é tal que mesmo o lector máis avezado non poucas veces terá que acudir ao dicionario para resolver as súas dúbidas. “Con grande estrépito caeu toda a saraviada de pedras multiformes sobre o *bergantín* e o mar. E tras *oscantarolos, coios e brolos* foron tamén rodando pola pendente...” (páx. 543). Ou estouta (páx.61) onde enumera os danos que a tempestade infrinxira na velame da goleta: ... “os mastros mantiñanse en pé e apenas resultaron danados, pero as velas estaban todas rachadas e mesmo esfarrapadas: a *cangrexo*, a *mesana*, a *sobremesana alta*, as *dúasgavias*, o *foque*...”

Riqueza léxica e fraseolóxica

Mais esta **riqueza léxica non se circunscribe só á terminoloxía mariña**. Repárese nesta aclaración que sobre árbores e paxaros lle dá (na páx. 343) o Chavián ao seu amigo náufrago:

“Pero aquí entre nós esa palabra [árbore] non a usamos. Eu diría que case non existe, pois todos sabemos distinguir un *carballo* dun *castiñeiro* ou dunha *faia*, unha *pereira* dunha *ameixeira* ou dun *pexegueiro*. Do mesmo xeito, eu non ouzo falar moito de ‘paxaros’, senón de *xílgaros, reiseñores, verderolos, petos, peifocos, paspallases, pincaouros, picafollas...*, e de lavandeiras, chascos, *carrizos, andoriñas, laverças, escribentas...*”

¡Canto ben de Deus se está perdendo neste mundo globalizado por non reparar no que temos arredor!

Outra **eiva da narrativa galega actual superada** por Lema na súa novela é o emprego de **termos e variantes expresivas**, por desgraza case todos esquecidos na literatura de hoxe (e incluso na fala actual), como: *madía tiña* (“¡Como non ía ser un bo negocio! ¡O mellor! ¡*Madía tiña!*”, p. 156), *dodemo, pereno, bucío* ou este singular, magnífico enunciado, en boca da bruxa Melania (p. 420): “As *olladas de can tras cadela* daqueles porcallentos frades cara á miña nena...” ¡Qué maneira tan sublime de describir a lascivia!

Outro elemento arrequecedor do texto é o amplo e expresivo **repertorio de imprecacións**. Só cito dúas, pero hai moitas. ¿Quen non ía obedecer as ordes dun sarxento que se dirixe aos amotinados deste xeito?: *¡Quietos todos, polos cravos do santo Cristo e os espiños da súa coroa divina!* (p. 68); ou ¿quen se ía arrepoñer a un capitán de filibusteiros que encirra aos seus con un *fillos de cadela doente?* (p.534)-

Finalmente e, porque lembro algunha observación que eu lle fixera naquela primeira lectura, é sorprendente a súa **riqueza fraseolóxica**, tan ben inserida na narración que, aínda que non coñeza o seu significado, vai ser o propio contexto quen llo alumee. *Meu dito, meu feito, chover o mar chovido, en boas mans está o pandeiro, andar de bolina, cocer o corpo, non haber mal que non haxa ben* etc.

4.-

Non vou estenderme máis. Só quero desexar saúde e longa vida a esta primeira aventura literaria de Xosé M^a Lema, pois estou seguro de que os que no seu día gozaron coas aventuras d’A *Illa do Tesouro* han sentir **idéntico pracer** percorrendo as páxinas desta galega *Costa do Solpor*, que con tanto acerto soubo incardinar o seu autor na tradición universal da novela de piratas.

(P. Iglesias é catedrático de Lingua e Literatura Galegos de E.S, e alcalde Pastoriza (Lugo))